

Praza número: 26/1025

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Matemática Aplicada

Departamento: Matemáticas

Documento 2

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN E APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

Ás 13:30 horas do día 20 de xullo de 2026 constitúese a comisión xulgadora do concurso enriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidencia: Luis María Hervella Nieto

Secretaría: Ana María Díaz Díaz

Vogal 1º: Fermín Luis Navarrina Martínez

Repr. persoas traballadoras: Laura Milagros Castro Souto

Todas as persoas que integran esta comisión manifestan que non incorren en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de interese das establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023.

A continuación, a comisión aproba os **criterios de valoración** dos méritos das persoas candidatas, que figuran no documento adxunto.

A Coruña / Ferrol, 20 de xullo de 2026.

A presidencia,
Luis María Hervella Nieto

A secretaría,
Ana María Díaz Díaz

Praza número: 26/1025

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Matemática Aplicada

Departamento: Matemáticas

Centro: Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol

Número de prazas: 1

Dedicación: Parcial P06

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes:

Estatística e Investigación Operativa, Álgebra, Análise Matemática, Xeometría e Topoloxía.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Manual e libro de texto en editorial académica internacional: 4
- Manual e libro de texto en editorial académica nacional: 2
- Manual e libro de texto en editorial académica local: 1

Aplicarase un coeficiente multiplicador de 0,5 cando o número de autores sexa superior a 4.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Coordinación de proxecto docente ou grupo de innovación docente internacional: 4 puntos
- Coordinación de proxecto docente ou grupo de innovación docente nacional: 2 puntos
- Coordinación proxecto docente ou grupo de innovación docente recoñecido por unha institución académica durante a lo menos un curso: 1 punto

Praza número: 26/1025

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Matemática Aplicada

Departamento: Matemáticas

Centro: Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol

A participación recibirá a metade da puntuación que corresponde á coordinación en cada caso.

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Estadías internacionais en universidades ou institucións equivalentes con actividade docente demostrada cunha duración superior a un mes: Ata 2 puntos
- Estadías nacionais en universidades ou institucións equivalentes con actividade docente demostrada cunha duración superior a un mes: Ata 1 punto

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Estadías de ata 5 días: ata 0,5 puntos
- Estadías superiores a un mes: ata 2 puntos

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Premio internacional ou nacional á excelencia docente, outorgado por institucións ou redes universitarias de recoñecido prestixio: 2 puntos
- Premios á calidade ou innovación docente outorgado por unha universidade pública ou privada, mediante convocatoria competitiva: 1 punto
- Outros premios ou recoñecementos outorgados mediante convocatorias competitivas debidamente documentados: ata 1 punto, en función da entidade convocante e a relevancia do mérito.

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0.25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

En relación a posición en bases de datos e ao número de autores,

- para o caso de Journal of Citation Reports (JCR), se aplicarán os seguintes coeficientes:
 - 1 para Q1, se a publicación ten menos de 5 autores,
 - 0,5 para Q1, se a publicación ten 5 ou máis autores,
 - 0.8 para Q2, se a publicación ten menos de 5 autores,
 - 0.4 para Q2, se a publicación ten 5 ou máis autores,
 - 0.5 para Q3 e Q4, se a publicación ten menos de 5 autores,

Praza número: 26/1025

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Matemática Aplicada

Departamento: Matemáticas

Centro: Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol

- 0.25 para Q3 e Q4, se a publicacións ten 5 ou máis autores.
- No caso do SJR, os coeficientes son a metade dos correspondentes ao JCR.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial, segundo o índice SPI (<https://spi.csic.es>). A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Se aplicarán os seguintes coeficientes:

- 1 para editorial de prestixio internacional e menos de 5 autores,
- 0,5 para editorial de prestixio internacional a 5 ou máis autores,
- 0,5 para editorial de prestixio nacional e menos de 5 autores,
- 0,25 para editorial de prestixio nacional a 5 ou máis autores,
- 0,25 para editorial de prestixio local e menos de 5 autores,
- 0,125 para editorial de prestixio local a 5 ou máis autores,

III.2 Comunicacions en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Poderase aplicar un coeficiente multiplicador de entre 0,5 e 1 a cada contribución, que poderá ter en conta o número de autores e o carácter nacional ou internacional da reunión. En concreto:

- 1, para unha conferencia invitada en congreso nacional ou internacional,
- 0,75 para unha comunicación oral en congreso nacional ou internacional,
- 0,5 para un póster en congreso nacional ou internacional.

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Patentes ou rexistros internacionais en explotación: 2 puntos
- Patentes ou rexistros nacionais en explotación: 1 punto

Outros méritos: ata 1 punto por mérito

Na Coruña, a 20 de xullo do 2026

A presidencia da comisión